



Excmo. Concello de Zas

8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

O día 8 de marzo celébrase o Día Internacional da Muller, no que se conmemora a loita da muller por a súa participación, en pe de igualdade co home, na sociedade e no seu desenvolvemento íntegro como persoa.

Este ano 2018 queremos salientar o traballo das mulleres traballadoras no rural, eido no que se encontra o Concello de Zas.

Debemos tomar como punto de partida o contexto no que as mulleres realizan os seus traballo e tarefas. E así, resulta que dentro do sistema social patriarcal, son as mulleres as que teñen menores oportunidades e sofren unha desigualdade estrutural, debido, entre outras cuestións, a que tradicionalmente na división sexual do traballo, as mulleres foron responsables das persoas que necesitan coidados (infancia, persoas maiores, persoas enfermas e persoas con discapacidade) e da xestión doméstica, mentres que os homes saían ao mercado laboral formal co obxectivo de conseguir un salario para o mantemento da familia, o que supón unha situación de desvantaxe das mulleres en termos de protección social, dada a vinculación das cotizacións á Seguridade Social coa percepción das prestacións contributivas, o que unido ao tipo de empregos que maioritariamente desempeñan as mulleres, as interrupcións na traxectoria profesional e traballos a tempo parcial supoña que en moitos casos non teñan dereito a unha pensión de xubilación contributiva ou que as contías das súas pensións por xubilación sexan inferiores ás percibidas polos homes.

A isto deben engadirse as dificultades existentes no eido rural, posto que factores económicos e laborais como a terciarización da economía, industrialización e urbanización das cidades, entre outras cuestións, provocan a emigración da poboación nova, especialmente da poboación feminina, que ten como consecuencia última o envellecemento e masculinización da poboación rural. Todo lo cal, nun contexto de menor dotación de servizos e, especialmente, no que se refire á atención a persoas

dependentes ou infancia, e dunha división sexual do traballo mais acusada, redonda nunha maior sobrecarga de traballo de las mulleres que permanecen no rural.

Para intentar superar as diferentes discriminacións puxéronse en marcha distintas iniciativas legislativas das que destacamos a Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, e a Lei 35/2011, de 4 de outubro, sobre titularidade compartida das explotacións agrarias.

Así, a Lei Orgánica 3/2007 ten por obxectivo facer efectivo o dereito de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, e en particular, mediante a eliminación da discriminación da muller, sexa cal fora a súa circunstancia ou condición, en calquera dos ámbitos da vida e, singularmente, nas esferas política, civil, laboral, económica, social e cultural para alcanzar unha sociedade mais democrática, mais xusta e mais solidaria, para o cal establece principios de actuación dos poderes públicos, regula dereitos e deberes das persoas físicas e xurídicas, tanto públicas como privadas, e prevé medidas destinadas a eliminar e corrixir nos sectores público e privado, toda forma de discriminación por razón de sexo.

Esta lei destina un artigo específico ao desenvolvemento rural, co fin de facer efectiva a igualdade entre mulleres e homes no sector agrario, establecendo, entre outras medidas, a obriga de desenvolver a figura da titularidade compartida (para recoñecer os dereitos das mulleres no sector agrario, a correspondente protección da Seguridade Social, e o recoñecemento do seu traballo); a que nas actuacións encamiñadas ao desenvolvemento do medio rural se inclúan accións dirixidas a promover o nivel educativo e de formación das mulleres, especialmente as que favorezan a súa incorporación ao mercado de traballo e aos órganos de dirección de empresas e asociacións; a promover o desenvolvemento dunha rede de servizos sociais para atender a menores, maiores e dependentes como medida de conciliación da vida laboral, familiar e persoal de homes e mulleres no mundo rural; e a que os poderes públicos fomenten a igualdade de oportunidades no acceso ás tecnoloxías da información e a comunicación e a aplicación de solucións alternativas tecnolóxicas onde a extensión destas tecnoloxías non sexa posible.

En cumprimento e como consecuencia desta Lei Orgánica aprobáronse varias normas, entre a que se encontra a Lei 35/2011, de 4 de outubro, sobre titularidade compartida das explotacións agrarias. Con esta lei permítese que ambos cónxuxes ou membros da parella de feito sexan titulares da explotación agraria, recoñecendo así a xestión

conxunta e os dereitos e obrigas da explotación en condicións de igualdade. Desta forma trata de paliarse o feito de que na maioría dos casos só figurase o home como titular da explotación, a pesares de que moitas mulleres comparten cos homes as tarefas agrarias; e asemade posibilitase a administración, representación e responsabilidade sobre a explotación compartida, o reparto de rendementos ao 50%, e a consideración de ambos titulares como beneficiarios directos das axudas e subvencións da explotación, ofrecendo unha vía específica para a súa cotización á Seguridade Social, o que redunda no beneficio das mulleres.

A pesares de que existen diferentes normas xurídicas, plans e programas de desenvolvemento do medio rural e fomento da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, e dos avances existentes nos últimos anos, o certo é que queda un longo camiño por percorrer ata alcanzar dito obxectivo.

En Zas, a 6 de marzo de 2018.

Centro Información á Muller